



DEBUXO TÉCNICO I E II

O debuxo técnico é un sistema de representación gráfica de todo tipo de obxectos para posibilitar o seu deseño e posterior fabricación. Nesta materia aprenderemos as bases para a realización de todo tipo de representacións tanto en dúas como en tres dimensións. Esta linguaxe esixe un alto grao de exactitude, precisión e claridade, para o que existe unha normativa que serve como axuda a interpretación por outras persoas. Cada curso distribúese en tres partes: xeometría plana, xeometría descritiva e perspectivas. No primeiro de xeometría plana estúdanse ostrazados básicos de calquera forma: polígonos, curvas, transformación... A xeometría descritiva estuda dentro do Sistema Diédrico a representación neste sistema e os métodos de cálculo que este sistema permite con grande precisión. As perspectivas axúdannos a ter una imaxe de forma tridimensional dos obxectos.